Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: DON0RN6455KL38D3EOE19LKO
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 06/10/2026 13:54:01 Página 1 de un total de 9 página(s).

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

CONVOCATORIA DE ADMISIÓN E MATRÍCULA EN MESTRADOS UNIVERSITARIOS OFICIAIS CON PRAZAS VACANTES E SEN LISTAXE DE AGARDA PARA O CURSO 2026/27

Unha vez rematados os prazos de preinscrición e matrícula previstos na Normativa de preinscrición e matrícula nos mestrados universitarios para o curso académico 2026/27, os mestrados universitarios oficiais da Universidade da Coruña que dispoñan de prazas vacantes e non teñan persoas pendentes na listaxe de agarda poderán admitir novas solicitudes, de conformidade co artigo 15 da dita normativa.

1. Obxecto

Esta convocatoria regula o procedemento de admisión e matrícula nos mestrados universitarios oficiais da Universidade da Coruña que dispoñan de prazas vacantes e non teñan persoas pendentes na listaxe de agarda. A relación de titulacións, prazas e enderezos electrónicos das administracións ou UXAI responsables figura no anexo I. A adxudicación quedará condicionada á existencia efectiva de praza vacante no momento de resolver cada solicitude.

2. Requisitos

Poderán solicitar a admisión as persoas que cumpran os requisitos xerais de acceso establecidos na Normativa de preinscrición e matrícula nos mestrados universitarios para o curso académico 2026/27 e, de ser o caso, os requisitos específicos de admisión do mestrado solicitado.

3. Presentación das solicitudes

A solicitude presentarase por correo electrónico no enderezo da Administración ou UXAI responsable do mestrado que figura no anexo I, a partir do 6 de outubro de 2026. Poderán presentarse solicitudes mentres existan prazas vacantes e non haxa persoas pendentes na listaxe de agarda, ata que se esgoten as prazas ou a comisión académica ou de selección determine que non se convoquen novas matrículas por considerar que a data de incorporación impide un aproveitamento adecuado dos estudos, de acordo co artigo 15 da Normativa de preinscrición e matrícula nos mestrados universitarios para o curso académico 2026/27.

No asunto do correo indicarase: «Solicitude de admisión en mestrado con prazas vacantes 2026/27 - [denominación do mestrado]». Ao correo deberanse achegar:

- O formulario do anexo III, debidamente cuberto.
- A documentación que corresponda segundo o anexo II.
- A documentación específica que, de ser o caso, requira o mestrado solicitado.

4. Orde de tramitación

As prazas adxudicaranse por rigorosa orde de recepción das solicitudes completas. Considerarase completa a solicitude cando a documentación presentada permita comprobar o cumprimento dos requisitos de acceso e admisión. Para determinar a orde teranse en conta a data e a hora en que conste no buzón corporativo a totalidade da documentación necesaria.

Se a documentación presentada está incompleta ou presenta deficiencias, a Administración ou UXAI comunicarallo á persoa interesada para que a complete ou corrixa. Mentres non se complete, a solicitude non reservará praza nin será remitida para valoración académica. Unha solicitude posterior que xa estea completa poderá ter preferencia na tramitación. A mera presentación do correo electrónico non implica a reserva nin a adxudicación dunha praza.

Non será necesario achegar información ou documentación que poida ser comprobada directamente nos sistemas corporativos da UDC, sempre que a persoa interesada autorice ou non se opoña á súa consulta cando resulte esixible.

5. Admisión e matrícula

As solicitudes serán xestionadas pola Administración ou UXAI responsable. Cando sexa necesario realizar unha consulta académica sobre o cumprimento dos requisitos específicos de admisión, canalizarase a través da coordinación do mestrado. A Administración ou UXAI comunicaralle o resultado á persoa solicitante e, no caso de admisión, informaraa do prazo e das instrucións para formalizar a matrícula.

As persoas admitidas deberán formalizar a matrícula no prazo que lles comunique a Administración ou UXAI. A falta de matrícula dentro dese prazo suporá a perda da praza. Se a matrícula se formaliza despois do 9 de outubro de 2026, a comunicación de admisión informará expresamente de que xa rematou o prazo xeral de anulación total da matrícula previsto no artigo 8 da Normativa de xestión académica, sen prexuízo dos demais supostos de anulación que poidan resultar aplicables conforme a normativa.

6. Dispoñibilidade das prazas

O número de prazas indicado no anexo I corresponde á situación existente na data de elaboración da convocatoria e poderá variar durante a súa vixencia como consecuencia das matrículas, anulacións, renuncias ou perdas de praza. A dispoñibilidade efectiva será a existente no momento de resolver cada solicitude.

7. Veracidade da documentación

A falsidade, inexactitude ou omisión esencial nos datos ou documentos presentados poderá determinar a inadmisión da solicitude ou, se se detecta posteriormente, deixar sen efecto a admisión e a matrícula, sen prexuízo das demais responsabilidades que procedan. A UDC

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: DON0RN6455KL38D3EOE19LKO
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 06/10/2026 13:54:01 Página 2 de un total de 9 página(s).

poderá requirir en calquera momento a exhibición dos documentos orixinais ou copias auténticas.

A Coruña, na data da sinatura dixital

O vicerreitor de Titulacións e Internacionalización

Moisés Canle López

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: DON0RN6455KL38D3EOE19LKO
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 06/10/2026 13:54:01 Página 3 de un total de 9 página(s).

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: DON0RN6455KL38D3EOE19LKO
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 06/10/2026 13:54:01 Página 4 de un total de 9 página(s).

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

ANEXO I. DATOS DA OFERTA DE PRAZAS

TITULACIÓN	N.º DE PRAZAS	ENDEREZO ELECTRÓNICO DA ADMINISTRACIÓN/UXAI
Mestrado Universitario en Avogacía e Procuradoría	10	administracion.dereito@udc.gal
Mestrado Universitario en Acuicultura	3	administracion.ciencias@udc.gal
Mestrado Universitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade	10	uxai.esteiro.academico@udc.gal
Mestrado Universitario en Arquitectura	20	administracion.etsac@udc.gal
Mestrado Universitario en Ciencia e Tecnoloxías da Información Cuántica	2	administracion.fic@udc.gal
Mestrado Universitario en Ciencias, Tecnoloxías e Xestión Ambiental	4	administracion.ciencias@udc.gal
Mestrado Universitario en Cronicidade e Novos Modelos de Atención Sociosanitaria	27	uxai.oza@udc.gal
Mestrado Universitario en Desafíos das Cidades	1	administracion.etsac@udc.gal
Mestrado Universitario en Deseño, Desenvolvemento e Comercialización de Videoxogos	13	uxai.esteiro.epef@udc.gal
Mestrado Universitario en Economía	7	administracion.economia@udc.gal
Mestrado Universitario en Fabricación Aditiva	1	uxai.esteiro.epef@udc.gal
Mestrado Universitario en Xestión Sustentable da Auga	6	administracion.caminos@udc.gal
Mestrado Universitario en Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos	12	administracion.caminos@udc.gal
Mestrado Universitario en Enxeñaría Industrial	14	uxai.esteiro.epef@udc.gal
Mestrado Universitario en Enxeñaría Informática	2	administracion.fic@udc.gal
Mestrado Universitario en Enxeñaría Mariña	16	administracion.nauticaemaquinas@udc.gal
Mestrado Universitario en Intelixencia Artificial	5	administracion.fic@udc.gal
Mestrado Universitario en Internet das Cousas - IoT	4	administracion.fic@udc.gal
Mestrado Universitario en Investigación en Actividade Física, Deporte e Saúde	7	administracion.inef@udc.gal
Mestrado Universitario en Lingüística Aplicada	4	administracion.filoloxia@udc.gal
Mestrado Universitario en Literatura, Cultura e Diversidade	2	administracion.filoloxia@udc.gal
Mestrado Universitario en Matemática Industrial	7	administracion.fic@udc.gal
Mestrado Universitario en Náutica e Transporte Marítimo	1	administracion.nauticaemaquinas@udc.gal
Mestrado Universitario en Patrimonio Cultural Dixital	5	administracion.fic@udc.gal
Mestrado Universitario en Planificación e Xestión de Destinos e Produtos Turísticos	10	administracion.turismo@udc.gal
Mestrado Universitario en Políticas Sociais e Intervención Sociocomunitaria	9	uxai.socom@udc.gal
Mestrado Universitario en Realidade Estendida	6	uxai.esteiro.epef@udc.gal
Mestrado Universitario en Técnicas Estatísticas	11	administracion.fic@udc.gal

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

TITULACIÓN	N.º DE PRAZAS	ENDEREZO ELECTRÓNICO DA ADMINISTRACIÓN/UXAI
Mestrado Universitario en Vehículos Autónomos	5	uxai.esteiro.epef@udc.gal

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: DON0RN6455KL38D3EOE19LKO
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 06/10/2026 13:54:01 Página 5 de un total de 9 página(s).

ANEXO II. DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBE PRESENTAR

A documentación deberá permitir comprobar o cumprimento dos requisitos xerais de acceso e dos requisitos específicos de admisión do mestrado. Presentarase a documentación que corresponda en función da titulación de acceso.

A. Documentación común

- Declaración responsable sobre o cumprimento dos requisitos e a veracidade das copias achegadas.
- DNI, NIE ou pasaporte en vigor.
- Documentación específica esixida polo mestrado, de ser o caso.
- Acreditación do requisito lingüístico ou doutros requisitos específicos de admisión, cando proceda.

Descarga dos modelos de declaración responsable:

https://www.udc.gal/futuros_estudantes/masteres/impresos/

B. Titulacións do sistema universitario español

- Título universitario oficial que dea acceso ao mestrado ou certificación supletoria provisional. Se o título aínda non foi expedido, documento acreditativo de ter solicitado a súa expedición e xustificante do pagamento das taxas correspondentes.
- Certificación académica oficial ou Suplemento Europeo ao Título (SET), coa nota media do expediente calculada en base 10. O alumnado da UDC poderá presentar o expediente descargado da Secretaría Virtual cando permita comprobar os datos necesarios.

C. Titulacións de sistemas educativos do Espazo Europeo de Educación Superior distintas das españolas

- Título ou documento equivalente que dea acceso a estudos de mestrado.
- Certificación académica oficial na que consten a duración oficial dos estudos, as materias cursadas, a carga lectiva, as cualificacións e a escala de cualificacións.
- Declaración de equivalencia da nota media do expediente académico universitario obtido no estranxeiro.
- Legalización ou apostila, cando resulte esixible segundo o país de expedición.
- Tradución ao galego ou ao castelán cando a documentación estea expedida noutra lingua, de acordo coas regras xerais indicadas na letra F.

Obtención da declaración de equivalencia da nota media:

https://universidades.sede.gob.es/pagina/index/directorio/Equivalencia_notas_medias

D. Titulacións de sistemas educativos alleos ao Espazo Europeo de Educación Superior

- Título que dea acceso aos estudos de mestrado, debidamente legalizado ou apostilado cando proceda.
- Certificado expedido pola autoridade competente que acredite que o título permite acceder a estudos de mestrado ou de posgrao no país de expedición.

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: DON0RN6455KL38D3EOE19LKO
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 06/10/2026 13:54:01 Página 6 de un total de 9 página(s).

- Certificación académica oficial, debidamente legalizada ou apostilada cando proceda, na que consten a duración oficial dos estudos, as materias cursadas, a carga lectiva, as cualificacións e a escala de cualificacións.
- Declaración de equivalencia da nota media do expediente académico universitario obtido no estranxeiro.
- Tradución ao galego ou ao castelán cando a documentación estea expedida noutra lingua, de acordo coas regras xerais indicadas na letra F.
- Nos mestrados que habiliten para o exercicio dunha profesión regulada, documentación acreditativa da homologación ou declaración de equivalencia que resulte esixible.

Obtención da declaración de equivalencia da nota media:

https://universidades.sede.gob.es/pagina/index/directorio/Equivalencia_notas_medias

E. Estudantado do sistema educativo español pendente do TFG e dun máximo de 9 créditos ECTS

- Declaración responsable específica para a admisión no mestrado.
- Certificación académica na que consten os créditos pendentes e a nota media do expediente.
- A restante documentación común e específica aplicable.

Esta vía excepcional aplicarase unicamente nos supostos permitidos pola normativa de preinscrición e matrícula do curso 2026/27 e non substituirá os requisitos específicos establecidos para os mestrados habilitantes.

F. Regras xerais sobre a documentación

- Os documentos expedidos nunha lingua distinta do galego ou do castelán deberán acompañarse da correspondente tradución oficial a unha destas linguas, realizada por unha persoa profesional da tradución xurada española ou autorizada no país de orixe polo Consulado de España. Non será precisa a tradución oficial para documentos redactados en inglés, francés, portugués ou italiano; nestes casos abondará a tradución realizada pola persoa interesada, sen prexuízo de que, se existe discrepancia, prevaleza a tradución da UDC.
- Cando resulte esixible a legalización ou apostila e a persoa solicitante aínda non dispoña dela, poderá presentar provisionalmente o xustificante de tela solicitado, sen prexuízo da obriga de achegar a documentación definitiva.
- A admisión e matrícula con títulos de sistemas educativos alleos ao EEES quedarán condicionadas, cando proceda, á tramitación da declaración de nivel de formación equivalente nos termos previstos na normativa aplicable.
- A Administración ou UXAI poderá solicitar a documentación complementaria necesaria para comprobar os requisitos de acceso e admisión.

G. Documentación que se debe entregar ao formalizar a matrícula

- Documentación acreditativa do dereito a unha exención ou redución dos prezos de matrícula, de ser o caso.

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: DON0RN6455KL38D3EOE19LKO
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 06/10/2026 13:54:01 Página 7 de un total de 9 página(s).

- Autorización da domiciliación bancaria do cobramento dos prezos públicos (orde SEPA), se se escolle esta modalidade de pagamento.
- Para quen se matricule por primeira vez na UDC: copia do documento de identidade e documento correspondente á titulación ou vía que habilite para os estudos. Se o título ou proba de acceso non se obtivo no curso inmediatamente anterior, xustificante do traslado da universidade de orixe ou, de ser o caso, declaración responsable de non ter estado matriculado anteriormente en estudos universitarios oficiais.

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: DON0RN6455KL38D3EOE19LKO
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 06/10/2026 13:54:01 Página 8 de un total de 9 página(s).

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

ANEXO III. FORMULARIO DE DATOS PERSOAIS

Este formulario deberá achegarse ao correo electrónico de solicitude de admisión, debidamente cuberto.

Mestrado para o que solicita a admisión	
Apelidos	
Nome	
DNI / NIE / pasaporte	
Nacionalidade	
Xénero	☐ Muller ☐ Home ☐ Outro / non binario ☐ Prefiro non indicalo
Teléfono	
Correo electrónico	
Data de nacemento	
Localidade de nacemento	
País de nacemento	
DOMICILIO HABITUAL	
Enderezo	
Localidade	
Provincia (de ser o caso)	
País	
Código postal (de ser o caso)	
DOMICILIO DURANTE O CURSO	
Enderezo	
Localidade	
Provincia (de ser o caso)	
País	
Código postal (de ser o caso)	

Información básica sobre protección de datos

Responsable: Universidade da Coruña. Finalidade: xestionar, tramitar e resolver a solicitude, comprobar os requisitos de acceso e admisión e, de ser o caso, habilitar a matrícula. Lexitimación: cumprimento dunha misión realizada en interese público e exercicio de poderes públicos. Dereitos: acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación e, cando proceda, portabilidade, polos procedementos habilitados pola UDC. Contacto coa Delegación de Protección de Datos: dpd@udc.gal.

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: DON0RN6455KL38D3EOE19LKO
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 06/10/2026 13:54:01 Página 9 de un total de 9 página(s).